



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 28 DE MARZO DO 2022.**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e oito de marzo do dous mil vinte e dous, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez , D. Victor Manuel Rodríguez López, D. Manuel Rodríguez Martínez.

**Grupo Mixto:**

**Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias

**Esperta Monforte:** D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

**Secretario:** D. José Antonio Mourelle Cillero.

**Interventora accidental:** D<sup>a</sup> María Inmaculada Buján Arias.

**ORDE DO DÍA:**

**1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 28 DE FEBREIRO DO 2022.**

Sométese a votación a acta do pleno de 28 de febreiro do 2022, aprobándose por unanimidade dos membros presentes.

**2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 23.02.2022 a 22.03.2022.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 23.02.2022 e o 22.03.2022.

**PARTE RESOLUTIVA**



**3º.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (PLUSVALÍA).**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

*“A Sentenza do Tribunal Constitucional 59/2017, con data do 11 de maio de 2017, relativa ao imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, declarou inconstitucionais e nulos os artigos 107.1, 107.2.a) e 110.4, do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, pero unicamente na medida que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor.*

*Posteriormente, o Alto Tribunal, na súa Sentenza 126/2019, con data do 31 de outubro de 2019, declarou tamén inconstitucional o artigo 107.4 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, respecto dos casos nos que a cota para satisfacer sexa superior ao incremento patrimonial realmente obtido polo contribuínte. E, finalmente, a recente Sentenza 182/2021, con data do 26 de outubro de 2021, veu a declarar a inconstitucionalidade e nulidade dos artigos 107.1, segundo parágrafo, 107.2.a) e 107.4 do mencionado texto refundido, deixando un baleiro normativo sobre a determinación da base imponible que impide a liquidación, comprobación, recadación e revisión deste tributo local e, por tanto, a súa esixibilidade.*

*Así, co remate de dar cumprimento ao mandato do Tribunal Constitucional contido na súa Sentenza 59/2017 de non someter a tributación as situacións de inexistencia de incremento de valor dos terreos, e, coa finalidade de atender ao mandato expresado nas outras dúas sentenzas, ditouse o Real Decreto-lei 26/2021, do 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, publicado no BOE número 268 de 9.11.2021.*

*A disposición transitoria única do Real Decreto-lei 26/2021, do 8 de novembro dispón que os concellos que teñan establecido o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana deberán modificar, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto-lei, as súas respectivas ordenanzas fiscais para adecualas ao disposto no mesmo.*

*Aos devanditos efectos por, en sesión ordinaria do día 29.11.2021 o Pleno da Corporación aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, modificándose o artigo 2, relativo a natureza e feito imponible, e supostos de non suxeición e o artigo 6 relativo á base imponible.*

*Na nova regulación da base imponible do imposto, de acordo o Real Decreto-lei 26/2021, do 8 de novembro, polo que se modifica o artigo 107 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de*



## SECRETARIA

*marzo, se prevé a existencia de períodos de xeración inferiores ao ano “ no caso de que o período de xeración sexa inferior ao ano” prorratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes”*

*Erroneamente non se modificou o artigo 7 relativo ao período de xeración, no que se excluían os períodos de xeración inferiores ao ano.*

*Vistos os informes da Intervención municipal e o que dispón o artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, previo ditame da Comisión Informativa de Servizos Centrais,*

**PRIMEIRO.-** *Aprobar provisionalmente as modificación da seguinte Ordenanza Fiscal:*

### **1.1) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.**

A) *Suprimir artigo 7 “Período de xeración”*

*Que xa se atopa incluído no artigo 6, base imponible*

**SEGUNDO.-** *Expoñer ao público o acordo precedente, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.*

*Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.*

*No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.*

**TERCEIRO.-** *O acordo definitivo ou o provisional elevado a definitivo e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o día da súa publicación e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación”*

**Non se producen intervencións.**

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, e seis abstencións dos Concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

### **4º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN LIXO EXERCICIO 2022.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo



**SECRETARIA**

Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

*A Resolución de 19.01.2022 da Consellería de medio ambiente, territorio e vivenda fixo público o importe actualizado do canon unitario por tratamento de residuos domésticos aplicable durante o exercicio 2022, no marco do sistema promovido pola Xunta de Galicia para a xestión institucional dos residuos de competencia municipal e xestionado pola Sociedade Galega de Medio Ambiente SA (Sogama), no importe de 66,00€ por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao IVE.*

*Así mesmo estableceu unha bonificación sobre o canon anterior, por importe do 10%. Establecéndose así un canon bonificado en 59,40€ por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao IVE.*

*O devandito canon é de aplicación a aquelas entidades locais que cumpran no ano 2021 as condicións específicas establecidas no punto tres bis da disposición adicional vixésima primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, e cumpran igualmente no ano 2020 as condicións establecidos nesta.*

*O importe da redución do custo para o Concello de Monforte calcularase tendo en conta as toneladas reais xestionadas no exercicio anterior e a facturación de SOGAMA se ao Concello de Monforte non se lle aplicase a bonificación do 10% en 2022:*

PREVISIÓN FACTURACIÓN EXERCICIO 2022 SEN REBAIXA

2022	TM	66,00	+IVE
ENERO	509,04	33.596,64	36.956,30
FEBRERO	496,22	32.750,52	36.025,57
MARZO	536,51	35.409,66	38.950,63
ABRIL	536,21	35.389,86	38.928,85
MAYO	559,14	36.903,24	40.593,56
JUNIO	588,27	38.825,82	42.708,40
JULIO	604,01	39.864,66	43.851,13
AGOSTO	664,78	43.875,48	48.263,03
SEPTIEMBR E	630,41	41.607,06	45.767,77
OCTUBRE	600,04	39.602,64	43.562,90
NOVIEMBRE	528,50	34.881,00	38.369,10
DICIEMBRE	569,38	37.579,08	41.336,99
	6.822,51		495.314,23 (A)

PREVISIÓN FACTURACIÓN EXERCICIO 2022 CON  
BONIFICACIÓN

2022	TM	59,40	+IVE
ENERO	509,04	30.236,98	33.260,67
FEBRERO	496,22	29.475,47	32.423,01
MARZO	536,51	31.868,69	35.055,56
ABRIL	536,21	31.850,87	35.035,96
MAYO	559,14	33.212,92	36.534,21
JUNIO	588,27	34.943,24	38.437,56
JULIO	604,01	35.878,19	39.466,01
AGOSTO	664,78	39.487,93	43.436,73
SEPTIEMBRE	630,41	37.446,35	41.190,99
OCTUBRE	600,04	35.642,38	39.206,61
NOVIEMBRE	528,50	31.392,90	34.532,19
DICIEMBRE	569,38	33.821,17	37.203,29
	6.822,51		445.782,80 (B)

*Para o cálculo do importe a repercutir considerarase a diferenza entre (A) e (B) e calcularase a porcentaxe que supón sobre o importe liquidado polo concepto de lixo no exercicio 2021 (datos de contabilidade a 09/02/2022).*

DIFERENCIA A REPERCUTIR ÓS USUARIOS (A)-(B) 49.531,42

LIQUIDACIÓN CONCEPTO LIXO NO EXERCICIO 2021 1.069.719,97

EN PORCENTAXE A REDUCIR POR RECIBO 4,63%



## SECRETARIA

A redución aplicarase con efectos do día 01.01.2022 e ata o 31.12.2022. O efecto orzamentario será nulo xa que o descenso na recadación compensa o descenso en gastos pola facturación de SOGAMA.

Vistos os datos segundo o cal a diminución no importe do gasto relativo ao tratamento de residuos sólidos urbanos en relación ao repercutido aos beneficiarios do servizo polo concepto da TAXA POLA RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACION LIXO, supón unha porcentaxe do 4,63% **PROPONSE** ao Pleno Municipal adoptar o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente as modificación do artigo 6 da Ordenanza Fiscal **REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACION LIXO** quedando redactada do seguinte xeito:

### **ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA**

A cota tributaria verá determinada en función da natureza, destino, e superficie do local de acordo co seguinte cadro de tarifas:

DESCRICIÓN	€/BIMESTRE	€/BIMESTRE
	1º-3ºBIM 2022	4º-6ºBIM 2022
<b>Vivendas</b>		
Zona Urbana	13,23 €	12,00 €
Zona Rural	6,63 €	6,02 €
<b>Actividades</b>		
Locais sen actividade	13,23 €	12,00 €
Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares		
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677		
Ata 20 m <sup>2</sup>	30,87 €	28,01 €
De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>	46,33 €	42,04 €
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	61,77 €	56,05 €
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	92,64 €	84,06 €
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	138,96 €	126,09 €
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	77,19 €	70,04 €
Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares		
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969		
Ata 100 m <sup>2</sup>	47,64 €	43,23 €
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	71,47 €	64,85 €
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	119,12 €	108,09 €
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	166,77 €	151,33 €
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	95,29 €	86,47 €
Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares		



## SECRETARIA

*No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644, 645, 647, 661, 662*

<i>Ata 20 m<sup>2</sup></i>	<i>37,05 €</i>	<i>33,62 €</i>
<i>De 21 m<sup>2</sup> a 100 m<sup>2</sup></i>	<i>55,58 €</i>	<i>50,43 €</i>
<i>De 101 m<sup>2</sup> a 200 m<sup>2</sup></i>	<i>74,12 €</i>	<i>67,26 €</i>
<i>De 201 m<sup>2</sup> a 400 m<sup>2</sup></i>	<i>111,17 €</i>	<i>100,88 €</i>
<i>De 401 m<sup>2</sup> a 1000 m<sup>2</sup></i>	<i>166,76 €</i>	<i>151,32 €</i>
<i>Máis de 1000 m<sup>2</sup> (por cada 1000 m<sup>2</sup> ou fracción de exceso)</i>	<i>92,64 €</i>	<i>84,06 €</i>

*Hoteis, Moteis, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos Turísticos, Hospitais e establecementos similares*

*No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951*

*Con servizo de restaurante, bar ou cafetería*

<i>Ata 100 m<sup>2</sup></i>	<i>20,39 €</i>	<i>18,50 €</i>
<i>De 101 m<sup>2</sup> a 200 m<sup>2</sup></i>	<i>30,58 €</i>	<i>27,75 €</i>
<i>De 201 m<sup>2</sup> a 400 m<sup>2</sup></i>	<i>50,95 €</i>	<i>46,23 €</i>
<i>De 401 m<sup>2</sup> a 1000 m<sup>2</sup></i>	<i>71,33 €</i>	<i>64,72 €</i>
<i>Máis de 1000 m<sup>2</sup> (por cada 1000 m<sup>2</sup> ou fracción de exceso)</i>	<i>37,98 €</i>	<i>34,46 €</i>

*Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería*

<i>Ata 100 m<sup>2</sup></i>	<i>18,53 €</i>	<i>16,81 €</i>
<i>De 101 m<sup>2</sup> a 200 m<sup>2</sup></i>	<i>27,79 €</i>	<i>25,22 €</i>
<i>De 201 m<sup>2</sup> a 400 m<sup>2</sup></i>	<i>46,33 €</i>	<i>42,04 €</i>
<i>De 401 m<sup>2</sup> a 1000 m<sup>2</sup></i>	<i>64,94 €</i>	<i>58,84 €</i>
<i>Máis de 1000 m<sup>2</sup> (por cada 1000 m<sup>2</sup> ou fracción de exceso)</i>	<i>37,05 €</i>	<i>33,62 €</i>

*Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares*

*No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4, 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699*

*Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436*

<i>Ata 20 m<sup>2</sup></i>	<i>24,71 €</i>	<i>22,42 €</i>
<i>De 21 m<sup>2</sup> a 100 m<sup>2</sup></i>	<i>37,05 €</i>	<i>33,62 €</i>
<i>De 101 m<sup>2</sup> a 200 m<sup>2</sup></i>	<i>49,40 €</i>	<i>44,83 €</i>
<i>De 201 m<sup>2</sup> a 400 m<sup>2</sup></i>	<i>74,12 €</i>	<i>67,26 €</i>



## SECRETARIA

	De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	111,17 €	100,88 €
	Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	61,77 €	56,05 €
<i>Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e financeiras e establecementos similares</i>			
<i>No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615,616, - Epígrafes 6171,6172,6173,6175,6176,6177,6178,6179</i>			
<i>Grupos 618, 619, 621,622, 623,631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657,659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76</i>			
<i>División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942,943, 944, 945, 952, 961,962,963, 964, 966, 967, 968, 971, 972,973,974,975,979, 981,982, 983, 989,991,999</i>			
	Ata 20 m <sup>2</sup>	17,63 €	16,00 €
	De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>	26,44 €	23,99 €
	De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	35,26 €	31,99 €
	De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	52,90 €	48,00 €
	De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	79,34 €	71,99 €
	Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	44,07 €	39,99 €
<b>Outras actividades non tarifadas expresamente</b>			
	Ata 20 m <sup>2</sup>	17,63 €	16,00 €
	De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>	26,44 €	23,99 €
	De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	35,26 €	31,99 €
	De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	52,90 €	48,00 €
	De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	79,34 €	71,99 €
	Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	44,07 €	39,99 €
<i>Profesionais e artistas</i>			
	Sección 2ª e 3ª		
	Profesionais e artistas	15,86 €	14,39 €

*A superficie dos locais de negocio, comprenderá a totalidade da superficie dos locais afectos á actividade: superficie total no censo de obrigados tributarios si se trata de suxeitos pasivos exentos do Imposto sobre Actividades Económicas ou na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas respecto dos non exentos.*

*Noutro caso será a superficie obtida da licenza de apertura ou a superficie construída obtida do padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana.*

*Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie.*

*Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie.*



## SECRETARIA

**SEGUNDO.-** *Expoñer ao público o acordo precedente, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.*

*Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.*

*No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.*

**TERCEIRO.-** *Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo de aplicación para o exercicio 2023 e seguintes as tarifas anteriores a devandita modificación, mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.*

### **Non se producen intervencións.**

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, dos Concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

### **5º.- APROBACIÓN MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 17/2022. SUPLEMENTO DE CRÉDITO NO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA 2022, IMPORTE 3.128.503,58 €**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

#### **DESTINO:**

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE (€)</b>
<i>Sinalización horizontal de vías</i>	<i>60.000,00</i>
<i>Adquisición terreos</i>	<i>100.000,00</i>
<i>Obras para actuación no Casco Histórico</i>	<i>1.103.440,00</i>
<i>Melloras Urbanas</i>	<i>320.115,30</i>
<i>Investimentos Alumeados</i>	<i>25.000,00</i>
<i>Mellora infraestruturas parques e xardíns</i>	<i>130.000,00</i>
<i>Melloras instalacións deportivas</i>	<i>1.252.948,28</i>
<i>Consortio de Turismo</i>	<i>27.000,00</i>
<i>Melloras Rurais</i>	<i>50.000,00</i>
<i>Elaboración de Plans municipais</i>	<i>60.000,00</i>

*Pleno da Corporación 28.03.22*





<b>TOTAL</b>	<b>3.128.503,58</b>
--------------	---------------------

**Financiamento: RTGX**

Mediante Decreto da alcaldía do 24/02/2022 aprobouse a liquidación do Orzamento do Concello de 2021, na que se puxo de manifesto a obtención dun Remanente de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible por importe de 7.067.877,33 euros dos que xa se dispuxo por importe de 3.939.373,75 euros.

O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas económicas que se desprenden dos expedientes anteriormente detallados

En consecuencia, e tendo en conta a aprobación dos expedientes de modificación orzamentaria tramitados xa durante o exercicio, logo de ver o informe de Intervención que consta no expediente e considerando a inexistencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias de referencia no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito e Crédito extraordinario (17/2022) co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS		
APLICACIÓN	CONCEPTO	SUPLEMENTO DE CRÉDITO
133.210.00	Sinalización horizontal de vías	60.000,00
1532.600.00	Adquisición terreos	100.000,00
1532.619.03	Obras para actuación no Casco Histórico	1.103.440,00
1532.619.04	Melloras Urbanas	320.115,30
165.623.00	Investimentos Alumado	25.000,00
171.619.00	Mellora infraestruturas parques e xardíns	130.000,00
342.619.00	Melloras instalacións deportivas	1.252.948,28
432.467.00	Consorcio de Turismo	27.000,00
454.619.03	Melloras Rurais	50.000,00
920.227.06	Elaboración de Plans municipais	60.000,00
	<b>TOTAL</b>	<b>3.128.503,58</b>



<i>ESTADO DE INGRESOS</i>		
<i>CONCEPTO</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>IMPORTE</i>
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	<b>3.128.503,58</b>

2) *Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas."*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D. Emilio José Sánchez sinalando que tiña pensando que dende a concelleira de facenda se explicaría isto máis polo miúdo. Di que eles non van votar en contra dunha proposta de modificación orzamentaria. Do mesmo xeito que se lles explicou na comisión informativa, gustaríalle que se concretara máis en donde se invertirán esas partidas, no caso das instalacións deportivas quere pensar que serán para investir na piscina municipal e no tema das obras para actuacións no casco histórico, que poderán ser na recuperación da muralla medieval, di que isto é unha elucubración do que logo vostedes dirán se é certo ou non, gustaríalle que o resto das partidas se detallaran máis, pero están na potestade de non facelo, solicita que se aclaren estas cousas.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que vai na mesma liña que D. Emilio, fala da presión fiscal, da redución do IBI, di que se negan a estes aspectos, vanse quitar cartos do remanente, gustaríalle que tiveran a ben informar doutra maneira, cando falan do tema dos orzamentos que eran opacos, que é todo como moi xenérico, aquí presentan máis do mesmo, gustaríalle que se saíra de aquí sabendo en qué se van gastar eses cartos. Isto non é outra cousa que ocultar información, instalacións deportivas, vanse arranxar instalacións deportivas? O Sr. Torres dirá que somos repugnantemente populistas, saber exactamente, para que son eses investimentos, melloras no rural, consorcio de turismo, obras no casco histórico, se vai ser para arranxar casas, efectivamente os cartos son de todos os monfortinos, algúns veñen do superávit pero outros cartos veñen do remanente. Fala de que hai moitísima xente que ten moitos problemas e cada vez máis graves, gustaríalle que entenderán que collendo este documento, nin sequera teñen moi claro para onde son.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifestando que non é o momento de entrar a valorar, fala da crise sanitaria, fala da inflación, non van valorar se é o máis adecuado. Obviamente o voto será unha abstención, di que non hai un desglose máis específico de onde vai cada gasto, gustaríalle saber con exactitud onde van 1.100.000 € para casco histórico, di que as melloras rurais lle parecen insuficientes, di que lles falta información específica, non votan en contra a pesar de que comprometa todo o remanente, espera que este remanente sexa unha axuda a fomentar a economía da cidade.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que vai dar unha pequena explicación ao que prantexaron. Dille a D. Emilio que o Sr. Sánchez cotiza á alza pense vostede en Europa, que outros presidentes nunca o conseguiron, nin o Generation. Di que están clarísimos os  
*Pleno da Corporación 28.03.22*



## SECRETARIA

informes oficiais, oscurantismo cero, di que hai unha transparencia absoluta. Mire os presupostos da Xunta de Galicia, hai cousas que levan nome e apelidos e hai outras que se distribúen as partidas para un fin, a incorporación de remanente non significa que se vaian gastar, isto é administrar que é outra cousa diferente. Manifesta que o tema da transparencia queda clarísimo e logo a isto non se pode buscar o nome que se queira, esta é unha incorporación de remanente da que non se dispoñía. Sinala que si saben en que se quere invertir todo o diñeiro se fose necesario. Di que eles non venden obras que non están encamiñadas, este diñeiro está distribuído de tal maneira que, en todas aquelas cuestións nas que se está traballando si saen ven, é necesario ter eses cartos para eses compromisos, dónde? xa se verá, non é momento para iso. Cando se presente a acción concreta de cada cousa aí si, é onde hai que dicir os detalles, se todo isto sae ben, dirán que non, verán cousas que aquí non se prantexaron na vida e aquí gobernaron todos. Sinala que están traballando con seriedade e para resolver os problemas que ten o Concello.

Dicía D. Germán de rebaixar o IBI, para poder investir hai que ter fondos e, sobre todo, se queixan pero este goberno non subiu nin un céntimo. Non é xusto que os que estaban actualizados no padrón do IBI paguen e outros que non estaban actualizados non paguen. E logo di que os cartos son nosos, os cartos son públicos que pagan os cidadáns a través dos impostos e do seu consumo e que algúns son directos do Concello e outros de vía indirecta. A Xunta de Galicia non da os detalles os explican despois as consellerías. Cando o remanente é positivo tes cartos, neste caso hai fondos para poder incorporar a obras tan importantes como as que se están facendo en Monforte e se van facer outras máis importantes aínda.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que el non quere tildar de falla de transparencia, vostede entende o que lle parece, cando se fala máis polo miúdo é para apoialo dunha forma máis concreta, iso do non polo non non vai con el. Se se saben as partidas concretas, á hora de votar se entende se son necesarias ou si son prioritarias, e iso é o que quere explicar cando vai votar, vaise abster por esa falla dunha explicación máis minuciosa, pero eles botan en falla para saber si esas necesidades e poder valoralas á hora de votar a favor.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que se alegra que Sánchez cotice á alza. Fala da disertación do Sr. Alcalde no que di vostede, di que eles botan de menos que se lles explique doutra maneira, di que eles entenden que eses cartos do remanente, sobrarían, do remanente a eles lles gustaría que se baixase a presión fiscal. Xa no tema dos impostos explique o que queira os cartos públicos saen dos impostos, sí que é certo que hai cartos do Concello, outros da Deputación, ao final recae todo sobre os cidadáns. Do tema de que si efectivamente dentro dun ano os cidadáns, vostede mire como queira, estar todo o rato restregando o mesmo, é vostede máis do non polo non, xa que Esperta Monforte ten votado a favor de moitas cousas que propoñen vostedes e vostedes nunca votan con eles.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que a Xunta de Galicia é moito máis específica que o orzamento do Concello, compararse con outras administracións non lle parece adecuado, nin son moi partidarios de falar doutras administracións cando se trata de defender a súa xestión. Di que xa non é unha cuestión de que non queiran dicilo, se non o din dan a imaxe de que non teñen unha folla de ruta, e máis a local deberíase saber en que se gasta o diñeiro, é importante que se sepa con exactitude o que vai facer un equipo de goberno con ese diñeiro que mañexa, di que se van abster porque lles parece insuficiente a información.



## SECRETARIA

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se unha cousa é necesaria a priorizan. A vostede parécelle que se eles non souperan o que queren facer irían unha cantidades tan exactas, o alguén non coñece do que está falando ou isto non é inocente, mire vostede se saben onde queren investir eses cartos para beneficio e uso dos monfortinos. Fala D. Germán de baixar o IBI, non se trata de gastar por gastar, o que non é necesario non se gasta. Di que é un equipo inversor quizáis máis que ningún equipo de goberno. Di que él non vai caer na trampa que isto que se ten de remanentes, baixar o IBI e polo tanto non se pode investir, dirían vostedes non fan nada, pero eles non van caer nesa trampa, os remanentes se hai unha boa xestión o hai en todas as administracións.

Di D. Germán que somos a terceira en Galicia, pero dson os primeiros en Monforte con diferenza, e parece que siguen pensando os cidadáns o mesmo, estos son sempre proxeccións. Di que agora non ésta preocupado polo que pasa en Galicia, el esta preocupado pola provincia e por Monforte, dentro de dous anos e media vérase que é o primeiro, polo que parece vai ser moi distinto do que hai agora. Dille a D<sup>a</sup> Katherinie que eles saben con exactitude onde queren gastar o diñeiro, que vostede quixera saber agora mesmo onde se queren gastar con pelos e sinais parécelle ben que o queira saber. Agradece a aqueles que se van abster.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, e seis abstencións dos Concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

### **6º.-APROBACIÓN PLAN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PARQUE DE COBAS (PARCELAS DE REFERENCIAS CATASTRAIS 1584028PH2018S0001SL, 1584027PH2018S0001EL e 1584012PH2018S0001PL).**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

*“Visto informe do Secretario Xeral do Concello de Monforte de data 17.03.2022, do tenor literal seguinte:*

*“1º.- Con data 17.03.2022 a Arquitecta Municipal emite informe do tenor literal seguinte:*

*“En relación coa actuación que se pretende levar a cabo de Ampliación do Parque de Cobas, situada nas parcelas con referencias catastrais 1584028PH2018S0001SL, 1584027PH2018S0001EL e 1584012PH2018S0001PL, cuxa superficie total ascenderá a 3.399m<sup>2</sup>; tendo en conta que nos últimos anos o Concello de Monforte de Lemos creou un parque nesta zona de Cobas, na que se sitúa unha zona verde, paseos peonís dotación de mobiliario urbano e iluminación pública; a ampliación de dito Pleno da Corporación 28.03.22*



## SECRETARIA

*Parque de Cobas nas parcelas sinaladas, considerase axeitada conforme ao previsto nas Normas Subsidiarias Municipais vixentes, polo que sería convinte que o Concello dispuxera de ditas parcelas.”*

*2º.- Con data 15.03.2022 o Técnico de Medio Ambiente do Concello de Monforte de Lemos, emite informe do tenor literal seguinte:*

*“Nos últimos anos o Concello de Monforte creou un parque na zona urbana de Monforte de Lemos coñecida como Cobas, coa creación de unha zona verde, paseos peonís e dotación de mobiliario urbano e iluminación pública.*

*Estímase precisa a ampliación do parque.*

*Dende o Servizo de Medio Ambiente consideramos que para que o Concello de Monforte poida completar a ampliación do parque de Cobas é necesario dispoñer das tres parcelas restantes, de referencia catastral (1584028PH2018S0001SL, 1584027PH2018S0001EL e 1584012PH2018S0001PL) e cunha superficie aproximada de 3.399 m2.*

*Isto permitirá a construción dunha zona axardinada coas dotacións que defina no seu día o proxecto construtivo.*

*Dende o Servizo de Medio Ambiente de Concello de Monforte de Lemos é todo o que se ten que informar”.*

*3º.- A Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, en relación cos requisitos previos á expropiación forzosa, establece, no seu artigo 9, que “para proceder á expropiación forzosa será indispensable a previa declaración de utilidade pública ou interese social do fin a que haxa de afectarse o obxecto expropiado.*

*O artigo 10 do citado corpo legal establece que “a utilidade pública enténdese implícita, en relación coa expropiación de inmobles, en todos os plans de obras e servizos do Estado, Provincia e Municipio.*

*4º.- O artigo 10 do Real Decreto de 26/04/1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, pola súa banda, no que se refire á declaración de utilidade pública e interese social previa á expropiación forzosa, sinala que “a declaración de utilidade pública e interese social a que se refire o artigo 9 da Lei levará consigo a autorización para expropiar os bens ou dereitos necesarios para a realización das obras ou o establecemento dos Servizos”.*

*O artigo 11 do citado Real Decreto de 26/04/1957 ó regular a declaración de utilidade pública respecto de bens inmobles previa á expropiación forzosa dispón que*



## SECRETARIA

*“si os bens obxecto da expropiación fueren inmuebles, a declaración de utilidade pública deberá facerse mediante lei aprobada en Cortes”.*

*Non obstante o apartado 2 do citado artigo dispón que “non será necesaria a promulgación dunha lei formal nos seguintes casos:*

*a) Cando se trate de obras e servizos comprendidos nos plans do Estado, Provincia ou Municipio, aprobados cos requisitos legais nos que se entenderá implícita aquela declaración.*

*b) A realización concreta dos plans do Estado deberá ser acordada por orde ministerial, e os da Provincia ou Municipio, polos organismos competentes.”*

*Con base no anteriormente exposto PROPOÑO, que polo Pleno do Concello de Monforte, adóptense os seguintes acordos:*

*PRIMEIRO.- Proceder á aprobación do Plan das obras que se pretenden realizar nas parcelas de referencia catastrais: 1584028PH2018S0001SL, 1584027PH2018S0001EL e 1584012PH2018S0001PL, para ampliación do parque Cobas.*

*Trátase dun espazo duns 3.399 m<sup>2</sup> (superficie catastral) que se vai a destinar a parque público. Posteriormente, no proxecto técnico correspondente, definirase con detalle a ordenación completa da parcela.*

*No Plan de obras prevese o seguinte:*

*.-Desbroce manual, selectivo, respectando pies a conservar, realizado por roza a feito, con podón.*

*.-Poda de árbores existentes, con retirada de restos a vertedoiro autorizado.*

*.-Xestión de residuos, seguridade e saúde.*

*SEGUNDO.- A aprobación do Plan de actuación na parcela de referencias catastrais 1584028PH2018S0001SL, 1584027PH2018S0001EL e 1584012PH2018S0001PL, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, a utilidade pública enténdese implícita, en relación coa expropiación do inmueble que nos ocupa.”*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que xa se explicou na comisión informativa cal era o obxectivo deste punto.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que todo o que sexa mellorar está ben, despois de ler os informes da arquitecta municipal e do técnico de medio ambiente, parece ser que hai facelo.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, e catro abstencións dos Concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

**7º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO DA INVASIÓN DE UCRAÍNA.**

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

*“1. Instar ao Goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada o domingo 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína e, entre elas, as seguintes:*

*a) Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo.*

*b) Medidas específicas para os sectores máis afectados: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo.*

*2. Instar á Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería, turismo ...) e, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores. “.*

**Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifestando que dado que o Goberno central anunciou unha serie de medidas e o goberno da Xunta tamén cren que o oportuno é retirar a moción.**

**8º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓNS DE MELLORA NO CEMITERIO MUNICIPAL.**

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:



## SECRETARIA

- “1. Compromiso de presentar a maior brevidade posible ante o pleno da corporación a ordenanza reguladora do cemiterio municipal de Monforte, onde se contemplan medidas para combatir o estado de abandono do mesmo.*
- 2. Que se elabore un plan de mellora do cemiterio con inversión económica e personal para levar a cabo o mantemento necesario do mesmo e así mellorar a súa imaxe”.*

### **De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que ás veces di que un queda atónito con certas cousas que sucede, fala da retirada da moción, que tiña dous puntos, o seugndo de instar á Xunta, en definitiva están claros os posicionamentos. Con respectdo á inicitvia van apoiar os dous , o que non vai compartir ese continuo mensaxe de catastrofismo, porque neste caso coñece de primeira man o asunto, non comparte o catastrofismo do cemiterio, se descoñece como funcionan outros campos santos. Di que hai tres cousas puntuais que hai que mellorar, unha delas non é moi popular, as arobres que hai no medio, hai que eliminalos, están deixando os panteósn por debaixo feito un desastre, hai que buscar amenira de solucionalo. Outro dos problemas é o adecentamiento das rúas intetrioeres do cemiterio vello, e outra das cousas que hai que mellorar é a construción ou apertura do cancelo da parte nova do cemiterio.

Intervén D. Germán Vázquez di que a ordenanza é necesaria si, hai muros en mal estado, si. Falou vostede cos tragballadores municipais, é unha prioridade do equipo de goberno que se arranxen os muros do cemiterio, de feito é tan sinxelo porque os muros si que o poden arranxar. Unha ordenanza para a conservación das sepulturas, os dous puntos dos que fala, non están tan de acordo de que hai un barullo xeneralizado non. Habería que pensar en retirar todas as árbores si que é verdade parece ser que a xente que falou si que do que teñen falado en varias ocasións, neste caso debería ser o equipo de goberno para que todas esas árbores, ao mellor cortalas porque están danando dunha maneira importante. Do tema de botar formigón ou compactar un pouco máis, iso entraría dun arranxo xeneralizado do cemiterio.

Intervén D. Iván Torres dicindo que D<sup>a</sup> Katherinie Varela e D. Germán Vázquez se coordinan para presentar as mocións, non saben si viven aillados ou falan dun pobo diferente, será cuestión de puntos de vista. Non está de acordo de que se fala dun abandono absoluto do cemiterio de Monforte. Pregúntase se fai referencia do cemiterio de Mofnorte, di que isto non é así, non sabe onde están esas cousas das que fala D<sup>a</sup> Katherinie Varela, está coidado é decete, e hai tres traballadorews municipais que prestan os seus servizos, pode haber cousas que sexa necesario reparar, o que está facendo é inventarse un mundo catastrofistas, fala dunha inversión económica e humana, con que obxecto. Vostede fai unhas petici'nos bastante etéreas. Lembra que despois de tantos ahnos de ogbernanza ningún foi





## SECRETARIA

capaz de facer unha ordenanza do cemiterio, claro que leva tempo, non é unha labor sinxela, hai que buscar as mellor solucións, é unha actuación que afecta a situación cunha carga emotiva, non é sinxelo abordalo, a bonificación do cemiterio a levou a cabo este Alcalde. Recomendalle a D<sup>a</sup> Katherinie Varela que de vez cando vaia polo cemiterio.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dille a D. Emilio porque ás veces a desconcerta, ás veces parece que fai oposición ao partido popular de Monforte, en relación ao que dixo di que foi moi clara o día que a presentaron o presidente da Xunta anuncia unha batería de medidas e hoxe Pedro Sánchez anuncio outra batería de medias, van esperar como segue esto ao longo do mes. En canto a falar de que teñen moito respecto aos empregados do Concello, se deben as ordes que lles dean os superiores xerárquicos, se os propios empregados non dan que vaia outra persoa ao cemiterio, falla de recursos humanos, xa sabe que as lápidas son de uso privado, de aí a ordenanza. Dille ao Sr. Iván, que debería ter moito coidado aos argumentos, di que o traen so npropostas que din na rúa, se o que goberna non é específico, os que teñen que determinar, se se necesita unha inversión maior no cemiterio son vostedes, a plusvalía ben que a fixeron en menos dun mes, pero a do cemiterio levan máis dun ano esperando.

Intervén D. Emilio José Sánchez felicita a D<sup>a</sup> Katherinie Varela. Di que el non ten sociedades e menos políticas. Di que non concordan na exposición de motivos. O que non corresponde á Xunta é pagar a un presidente para dar monólogos por España adiante, que o pague do seu peto, non do peto dos galegos, que deixe o seu cargo.

Intervén D. Germán Vázquez di que non sabe se o Sr. Torres que eles respostan á moción, ata se da a circunstancia que non a respostou el, é certo que non vai nada ao cemiterio, di que el se queda sorprendido que non se pode dicir que non hai lápidas rotas, é certo se nos ceñimos á moción do Partido Popular o que se vai facer é apoiala. Levan seis anos gobernando e que os muros do cemiterio están igual ou peores que estaban antes. Será o segundo cemiterio mellor de Galicia, non é tan difícil recoñecer esas pequenas cousas.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que as lápidas son propiedade privada, os muros cre que non están tan mal. Dille a D<sup>a</sup> Katherinie a liberdade de expresión gústalle se vai por onde vostede quere.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que a verdade non esperaba máis. Conclúe que si que se necesita darlle unha volta ao cemiterio. Agradece o apoio á moción. Agilizar a presentación da ordenanza do cemiterio e facer un plan de actuación na mellora do cemiterio tanto a nivel económico como a nivel de recursos humanos.



## SECRETARIA

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, e seis votos a favor dos Concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

### **9º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA AOS PASOS INFERIORES DO FERROCARRIL NA PARROQUIA DE PIÑEIRA**

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

*"1. Que o goberno municipal se dirixa ao ADIF, para que corrixa as deficiencias sinaladas.*

*2. Que se envíe copia da correspondente reclamación aos grupos municipais".*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada. Fala de que algún dos veciños que se dirixa a algún membro do equipo de goberno, polo que creeron conveniente se faga a petición á ADIF para que mellore eses espazos, para arranxar isto aproveitando que se están facendo obras nestas vías.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que iso foi un parche feito naquel momento, ten que dicir que hai gran cantidade de tráfico e hai alto risco de sinistros nesta zona.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que apoian a moción, di que a eles tamén lle comentaron preocupación por ese paso.

Intervén D. Ibán Torres di que están de acordo que D. Emilio se as beirarrúas fosen máis amplas e máis cómodas. Di que isto non é competencia do Concello. Fala que o alcalde está traballando na supresión dos pasos a nivel, di que neste momento entenden que é mellor deixar ao alcalde traballar co ADIF, neste momento é importante ser prudentes. Evidentemente, cando se falan destas prioridades obras dunha gran magnitud, dentro da óptica do interese xeral.

Intervén D. Emilio José Sánchez agradece aos grupos que votaron a favor. Di que non entende o posicionamento do Sr. Torres. Entende que se eliminen os pasos a nivel en Monforte di que é algo necesario, pero isto non ten nada que ver con iso, simplemente é dirixirse ao ADIF, pero se vostede di que isto vai incluído nesas negociacións que está realizando o Sr. Alcalde.



## SECRETARIA

Intervén D. Germán Vázquez dicindo que o equop de goberno se dirixa a ADIF, e que vostede digan que se está traballando noutra cousas máis grande, di que é certo que se veñen con propostas e que vostedes as liquiden así.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que dado o argumento do voceiro D. Ibán Torres xa que se estaban concretando outros aspectos máis cuantiosos, di que non é excusa para facer que pode ser importante, sería beneficioso que entrasen coudsas máis pequenas porque ás veces as cousas non saen ou saen mal.

Intervén D. Ibán Torres di que está suficientemente explicado. Vostede D. Germán pasa do catastrofismo ao victimismo. Verdaderamente dicir aquí se os tratan desta maneira, cada un expresa o seu criterio, os motivos están suficientemente explicados e o voto é negativo.

Intervén D. Emilio José Sñánchez lamentando que isto non saia adiante e van seguir traballando para que isto saia adiante por outras vías.

Intervén o Sr. Alcalde dille a D<sup>a</sup> Katherinie Varela que debe vivir noutro sitio, non sabe o que é estar parado. As obras saen e saen ben e seguirán saíndo. Di que xa se adxudicou a obra do hospital, fíxese tanto que criticou a obra de Val de Lemos. Dentro duns días vaise licitar outra obra, di que eles traballan con coherencia dando pasos firmes e non facendo anuncios que non se cumpren.

Dille a D. Emilio que accidentes poden habelos en calquera lado, en ningún dos dous sitios que votede citou houbo accidentes.

Fala vostede, aquí gobernaron moitos, en breve se van licitar a supresión dos primeiros pasos a nivel, ademáis a proposta da solución saiu do Concello, así vai traer consigo unha urbanización moi importante, claro que saen ben as cousas e claro que traballan, e están traballando noutros investimentos ferroviarios importantes, as grandes obras levan o seu tempo aquí e en calquera lado. Hai que poñer en valor cando as cousas van ben.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, e seis votos a favor dos Concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

### **10º.- MOCIÓN ESPERTA MONFORTE! PARA SOLICITAR CREACIÓN DUN REXISTRO DE FAMILIAS ACOLLEDORAS E SE PROMOCIONE DE FORMA APROPIADA E SUFICIENTE.**

A moción non se dictamina por non estar presente o presentante da mesma.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

*“Que se poña en marcha de xeito urxente un rexistro de familias acolledoras en Monforte de Lemos e se anuncie da forma axeitada a súa importancia en todos os medios dixitais do Concello así como mediante promoción externa (en prensa e radio, entre outros) Estamos seguros que contaremos con apoio do Alcalde nun tema tan solidario”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada. Fala que o Concello utilice os recursos de Servizos Sociais, para que se faga o posible.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestnado que a situación é a que é, a iniciativa que se poña en marcha o rexistro. Cre que é unha necesidade, que remate dunha puñetera vez esta lacra, esta guerra. Di que van votar a favor da iniciativa.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que o espírito da moción parécelle correcto, pero un tema tan delicado debe de estar sempre regulado non so pola administración local. Amosa o seu apoio a moción.

Intervén D. Ibán Torres di que todo o país rexeita a invasión do pobo ucraíno. Di que este alcalde e o equipo de goberno, se puxo á disposición para contribuir e paliar na medida das competencias, pero hai que ceñirse ao protocolo das distintas administracións, unha cousa é solidariedade, hai que pensar que son persoas que levaban unha vida cos seus traballos, polo tanto como seres humanos e como administracións. Por desgracia non se vai tratar cun acollemento corto, senón longo, o seu mundo entero é un escombro. A FEGAMP recomendou que non se fixera reparto de alimentos nin mantas, porque as organizacións humanitarias están colapsadas. Fala da donación de 10.000,00 euros a Cruz Roja para canalizar as axudas e 18.000 euros para compra de material. Unha vez que se elabore o rexistro de remitirá á Subdelegación do Goberno de Lugo. Non se recomenda un rexistro de familias acolledoras, non se vai acoller un rexistro de familias para acoller soamente a menores. Polo tanto seguindo as instrucións do goberno non vai haber un rexistro de familias acolledoras. Van votar en contra da moción polos motivos expostos e polas recomendacións do Goberno.

Intervén D. Jaime Germán di que el soamente pedían un rexistro, entenden que se non é correcto, o entenden.

Intervén D. Ibán Torres o que se propón está fundamentado e baseado nos protocolos establecidos.

Intervén o Sr. Alcalde é que hai un escrito do goberno do estado que di o que di, di que non se deben ter rexistro de familias acolledoras, se un cidadán quere ofertar unha oferta dunha vivenda, terá que identificarse e outra cousa é acollelas nunha casa dun particular. A propia Cruz Vermella que veu a este Concello dixo que non se fixera.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, e seis votos a favor dos Concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

### PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

#### **11º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 01.03.22 (2), 03.03.22, 11.03.22 e 17.03.22).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

#### **12º.- DACIÓN DE CONTA PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO PARA O PERÍODO 2023-2025.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 5 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, dá conta da Resolución de data 8 de marzo do 2022 de aprobación do plan orzamentario a medio prazo para o período 2023-2025.

#### **13º.- DACIÓN CONTA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2021 DO CONCELLO E DO I.M. DE DROGODEPENDENCIAS.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta da Resolución de data 24 de febreiro do 2022 de aprobación da liquidación do orzamento de 2021 do Concello e do I.M. de Drogodependencias.

#### **14º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Rogo ESPERTA MONFORTE! RE 4212 para solicitar a cobertura dunha vacante deixada por mor da xubilación do Dr. Louzao no Centro de Saúde.**

Resposta o Sr. Alcalde di que se dará traslado ao Sergas é a Consellería de Sanidade.

**Pregunta ESPERTA MONFORTE! RE 4214 coñecidas as últimas novas do Plan hidrolóxico nacional e no trazado do camiño de inverno, e tendo claro ESPERTAMONFORTE o seu desexo de tirar a pasarela do malecón, gustaríanos saber si teñen pensado hacer no que resta de ano o mantemento que merece como ben municipal?**

Resposta o Sr. Alcalde di que eles non queren tirar a pasarela do Malecón, o que queren é substituír unha por outra. Vostede non le as actas da Xunta de Goberno, o alcalde ten a obriga e o dereito de tomar decisións e vostede ten a obriga de controlar o equipo de goberno, se lera as actas do equipo de goberno xa tería a resposta. Cando lea as actas obterá a resposta.

**Rogo BNG RE 4504 O Goberno Municipal faga os traballos necesarios para levar a cabo o arranxo do camiño que une o lugar de Fontecá, na parroquia de Moreda e o lugar das Barredas na parroquia de San Xillao de Tor.**



## SECRETARIA

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o camiño nunca estivo mellor, e na curva todo aquilo se fixo de cemento e por abaixo é un camiño estreito e cheo de canto rodado. E aquilo aos veciños de alí, se lle dixo se deixades abrir se envía unha pala se abren o camiño. Fíxese vostede aínda hoxe non cederon os terreos verán como haberá unha pala que se amplíe o camiño.

**Rogo PP RE 4570 que se proceda a activar a iluminación no tramo da entrada do polígono industrial do Reboredo dende a N-120.**

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que a N-120 non é competencia municipal, e a estrada que vai ao polígono é da deputación. Xa ve que se está mellorando o alumeadado de Monforte, por certo algún veciño dalgunha parroquia di que agora se ve de máis. Di que eles están arranxo na ronda, cando cheguen aí miraran.

**Rogo PP RE 4570 que se proceda a mellorar a pintura da sinalización horizontal da cidade así como a levar un control máis exhaustivo da mesma.**

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que é curioso que hoxe están pintando e agora se vostede fixera os seus deberes no presuposto para o ano 2022 hai unha partida de 100.000,00 para pintar as rúas da cidade e aquí van outros 60.000,00 euros. Evidentemente si que hai vontade pintar claro que sí. Fala que a policía local entregou hoxe o traballo minucioso de detalle, para pintar as rúas da cidade, antes de que cheguen as festas estará pintado.

**Pregunta “in voce” do Partido Popular en relación co punto 12 da documentación deste Pleno, fala dun anexo da presente resolución. Non sabe que o poden pedir por escrito.**

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que si o poden por escrito e o terán.

Remata a sesión sendo ás nove horas e cincuenta e dous minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE